

ACTIVIDADES PARA TRABALLAR O ARTIGO

Tedes a teoría na páxina 115 do *Aula de galego 2* (Resumo gramatical)

1. Pon os artigos, as preposicións e fai as contraccións segundo conveña:

1. _____ cativos tiñan moita febre
2. Aínda que lles tedes medo _____ cempés e _____ morcegos non fan mal ningún
3. _____ ceo estaba mouro polo trebón que se achegaba
4. Hoxe non imos ir _____ escola
5. Esta restra de chourizos é a _____ veciños. Non a toques.
6. Non te esquezas _____ radio que me prometiches.
7. _____ pasar _____ carón _____ maceiras imos descansar un pouco, e poderei coller unha ou dúas mazás _____ árbore
8. Gústame esa sempreviva _____ teu xardín
9. Temos que ir _____ teu coche, porque o meu está descomposto
10. Tráeme _____ café _____ pouco de leite

2. Realiza a contracción que cumpra en cada caso. Volve escribir a oración coas contraccións:

1. Sempre vou a a clase con unha amiga miña.
2. Xa te atendo en un instantiño.
3. Este paraugas é de un señor que o esqueceu.
4. Con uns ladrillos de nada e con un pouco de cemento xa fixo un alpendre.
5. Se vou a Bueu en un bou, vou, e se non vou en un bou, non vou.
6. Como queres a tortilla, ¿de un ovo ou de dous?
7. Estou en unha aldea que se chama Vilar de o Monte.
8. Este xoguete é de un meu fillo.
9. Ela ten unha curmá de uns oito anos.
10. Ten boa gana de vir a a clase connosco.
11. A as veces teño morriña de a aldea.
12. Ven de unha vez e déixate de lerias.
13. Nós somos de un lugar de preto de A Coruña.
14. Con unha media ducia de ovos xa se fai unha boa tortilla.
15. Con uns codelos acenden o lume de a cheminea.
16. Estes son os rapaces de o Chouzo que están en a de a túa tía Luísa.
17. Carlos xa marchou cara a A Coruña.

18. Ela é filla de un avogado e de unha médica.

19. O can corría con un cacho de xamón en a boca.

20. Estarei alí a as oito en punto.